

## A alborada de Rosalía

Entre as grandezas de *Cantares gallegos* non é menor esta composición experimental na que Rosalía eleva o poder da música a un primeiro plano da poesía nun exercicio insólito. Pero a música da que parate a autora non é inocente, nin os instrumentos. A alborada está vinculada á gaita, símbolo nacional desde os inicios do Rexurdimento, e destinada á interpretación unicamente instrumental nas mañás de festa. A partir disto, Rosalía executa unha reorientación de envergadura compóndolle unha letra na que revira a dimensión lírica do xénero cara unha histórica dimensión épica: a noite é a que reinaba nos ceos literarios e históricos de Galicia, o día vai ser o da esperanza e o da rexeneración para o noso país. Xunta o popular e os experimental, o lirismo aparentemente inocuo de paxaros cun fondo político e feminista indiscutíbel, un simbolismo simple cunha carga épica de alegre arenga. Non é a separación dos namorados ó amañecer como era na cantiga medieval de Fernández Torneol ou no *Romeo e Xulieta* de Shakespeare ou en “Cantan os galos pró día” da propia autora. Si, fican os motivos inequívocos dos paxaros cantando e a alegría do espertar e erguerse saudando o novo día. Pero agora é a *meniña gaiteira* no límite entre a noite e maila aurora, físicas e simbólicas, no marco histórico da Galicia que comeza e renacer ó que sabe que está contribuindo coa súa obra. É o seu forte e vivo esconxuro: fóra a noite de tristura e de sombras, a noite de meigallos e pesares, a noite secular da escuridade de Galicia. Que veña o novo día, un novo sol, unha nova idade de alegría e de esperanza para Galicia (que o millo madre!) saudada co canto dos paxaros. Que os paxaros e o gaiteiro, de pano sedán vestido, coa súa música esperten as meniñas. Que as meniñas e a mocidade, velaí a idea de proxecto, esperten e se ergan. Que se ergan porque chegou a hora de Galicia.